

# novas CTNL



## Curso de *márketing* lingüístico

Durante os días 24 e 25 de setembro e 2 de outubro tivo lugar na Facultade de Historia da USC o curso de **Marketing lingüístico** que organizou a CTNL coa colaboración académica do Departamento de Filoloxía Galega dentro do plan de formación para o ano 1999.

O contido do curso pretendía achegarlles ós profesionais que traballan na difusión da lingua as técnicas do *marketing* que puidesen axudarlles a enfocar as súas actuacións, falamos de *marketing* social como conxunto de estratexias que nos permiten poñer en práctica as accións necesarias para aumentar a aceptación dunha idea ou práctica social polo público definido como obxectivo, para conseguir introducir ideas ou condutas específicas en colectivos determinados da sociedade.

No caso do *marketing* lingüístico o produto social son as ideas ou condutas específicas cara á lingua que se queiran fomentar. Coñecer o contorno no que queremos desenvolver a acción específica, as características dos potenciais usuarios do produto e as liñas básicas que garantan un maior éxito nas campañas son puntos que podemos analizar coas técnicas da mercadotecnia.

### O concepto de *marketing*

Iniciou o curso Xabier Pérez, economista, membro colaborador de Escola Cidadanía, que estableceu os piares fundamentais para coñecer *¿Que é o marketing?* e as súas diferentes modalidades: *marketing* social ou lingüístico, quen é o posible cliente ou público...

Establecidas as bases, partimos cara ó desenvolvemento dun plan de *marketing* social: a proposta fundamental do *márketing* concrétese nun plan onde se recollen tódalas accións previstas, os obxectivos e as tarefas que deberán desempeñar os distintos membros. Xabier Pérez deixou claro que é tan importante a elaboración dun plan como a posta en marcha deste, por esta razón, co fin de seguir as posibles desviacións debemos establecer un mecanismo de control que detecten os posibles erros e permitan as oportunas correccións para que unha campaña social non fracase. Os pasos que deberiamos seguir son:

- Planificación dunha campaña social.
- Implantación.
- Control.
- Avaliación.

Así mesmo, é fundamental facer unha análise do contorno: "auditoría da situación (interna e externa) como un estudio profundo das circunstancias que rodean a campaña lingüística", fixar uns obxectivos e deseñar as estratexias básicas que responderían á cadea: "Crear interese-Establecer un compromiso-Consolidar a relación".

A última etapa do proceso de xestión dunha campaña social é a avaliación dos resultados e, polo tanto, a valoración da eficacia (comparación entre obxectivos e resultados acadados). En calquera caso, os criterios de avaliación non deben ser diferentes ós obxectivos establecidos de antemán, xa que non estaríamos medindo a eficacia da campaña (relación obxectivos-resultados).

### O *marketing* lingüístico como intervención social

Isabel Suárez, socióloga, colaboradora de Escola Cidadanía, comezou falando das contribucións do *marketing* á intervención social, en concreto da normalización lingüística como intervención social e planificación lingüística como *marketing*, fin para o que debemos definir a lingua como produto "poñendo énfase na necesidade básica que o produto satisfai". Así a lingua podería satisfacer necesidades funcionais como o acceso á información, a satisfacción do consumidor, o prestixio social, a comunicación intergrupala, a integración cultural, a identidade...

Tamén analizou o posicionamento do produto (a lingua) nas organizacións constatando que "existen importantes diferenzas nos obxectivos en materia lingüística en función dos distintos axentes sociais e políticos", ademais analizou o labor dos técnicos normalizadores en Galicia concluíndo que "a capacidade de incidencia e a organización do plan normalizador son os epígrafes onde as carencias e as limitacións son máis palpables", por non falar dos "servicios lingüísticos esporádicos onde non se atopa ningún trazo que presente un desenvolvemento e unha vitalidade estimable, agás, se cadra, no que se refire á formación do técnico".

Deste xeito, logo do estudio-auditoría da situación, concluíuse que "a posición do normalizador é moi fráxil, polo que urxe un impulso da súa tarefa se realmente se desexa avanzar no proceso de cambio lingüístico nas organizacións. Este proceso de cambio lingüístico non se pode reducir á resolución de aspectos técnicos, posto que estes son só un medio para inverter unha situación. O cambio só se pode conseguir na medida en que as persoas do organismo participen nel. Para lograr estas actitudes favorables cómpre contar cos individuos, amosándolles primeiro as vantaxes, o prestixio e os deberes de levar a cabo tal proceso".

Para rematar, na última sesión, Xabier Pérez definiu as estratexias básicas nunha campaña lingüística que comezarían por establecer cómo queremos que sexa percibida a lingua polo noso público obxectivo, é dicir, que imaxe queremos que teña. A campaña deberá responder á filosofía do *marketing* de relacións: capturar o interese do público obxectivo, establecer un compromiso por ambas partes e consolidar a relación a través do cumprimento das promesas.

### Valoración do curso

As valoracións realizadas polos asistentes ó curso de **Marketing lingüístico** resúmense en destacar inicialmente o interesante do programa, as expectativas, as necesidades que a ambiciosa temática podía cubrir no noso ámbito, o positivo de ofrecer unhas bases teóricas que debemos ter en conta á hora de deseñar unha campaña de promoción da lingua e a información sobre algunhas das campañas levadas a cabo por diversas institucións. Tamén coincidiron en resaltar a posibilidade de aplicar as técnicas do mercado e o consumismo á lingua, as tácticas para incidir na poboación.

Como aspecto negativo sobresaí o argumento de que, debido á precariedade da maioría dos servizos lingüísticos, pola súa inestabilidade e pouco orzamento, na maioría dos casos é imposible aplicar os procedementos que vimos no curso.

Interese .....	8,7
Utilidade .....	7,4
Cumprimento das expectativas .....	5,3
Metodoloxía empregada .....	6,5
Profesorado .....	7,6
Global .....	6,6

### sumario

#### Pax. 2 Libros / Breves

Xornadas sobre lingua e literatura do SNL da Deputación de Pontevedra

#### Páx. 3 III Encontros para a Normalización Lingüística

Comisión para a Coordinación de Servizos Lingüísticos

Servicio de normalización lingüística do Concello de Vigo

Campaña *En Galicia, falamos galego*

#### Pax. 4 Cursos de animación sociocultural e lingua: parámetros para a intervención


Métodos de negociación e mediación social

Curso de iniciación á terminoloxía

### NOTA

Desde a CTNL queremos dar conta do cambio de tesoureiro. Carme Nogueira, que vilña ocupando este posto desde que entrou a nova directiva, deixa o cargo, e pasa a ocupalo Xosé Manuel Otero Fernández.

## Monteagudo Romero, X., *Regulamentos municipais I*, Santiago de Compostela, 1998.



Saudamos hoxe con entusiasmo a aparición deste libro fundamental para a renovación da linguaxe xurídico-administrativa galega que veñen de editar, nun esforzo conxunto, a Xunta de Galicia –a través da Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria– e mailo Centro “Ramón Piñeiro” para a investigación en Humanidades –a través do Servizo de Terminoloxía Galega (TERMIGAL)–, da autoría dun vello coñecido neste tipo de publicacións, Xoaquín Monteagudo Romero. Deixando á marxe

o hilarante surrealismo dalgunhas declaracións iniciais —“(…) os cidadáns son cada vez máis conscientes de que a Administración non é un leviatán alleo ás súas vidas, senón que se trata dun órgano que ten como primixenia xustificación a de axudarlles... e que está aí simplemente para nos representar e defende-los nosos intereses. (sic)” (páx. 9); “estamos seguros de que este manual vai contribuir ó incremento do uso do galego na administración municipal (sic)” (páx. 13)—, que non son, por suposto do autor do libro, senón o froito, por outra banda, absolutamente prescindible, dese “protocolo” –que deberíamos tentar extinguir definitivamente– segundo o cal a clase política nos agasalla con limiares, introducións e demais veleidades literarias, o certo é que nos atopamos diante dunha efectiva ferramenta para renovar axeitadamente a redacción xurídica –ou, como ben precisa o propio autor, a linguaxe normativa– galega, superando o obsoleto modelo castelán e tódalas súas eivas, que ata hai ben pouco constituía practicamente o único modelo e referente que, mimeticamente, se trasladaba á escrita en galego neste ámbito.

O presente volume comeza cunha “Introducción xurídica” na que se fai un repaso cronolóxico das diferentes disposicións normativas referentes ós regulamentos municipais: tipoloxías, competencia de aprobación, procesos de aprobación, etc. Séguenlle unhas “Observacións lingüístico-estilísticas e de estrutura textual”, nas que se tenta –segundo

declara o autor– “introducir algúns criterios que vailan de orientación para as autoridades e os funcionarios locais que se ocupen desta cuestións”. O certo é que, malia o suxectivo título, hai bastantes máis recomendacións sobre a propia distribución textual da documentación administrativa ca “observacións lingüístico-estilísticas”; é, en todo caso, un interesante repaso ás últimas propostas feitas sobre esta materia dende o Consello Europeo e dende o Consello de Ministros. O terceiro capítulo é simplemente unha relación das siglas utilizadas ó longo do texto, e os dous últimos capítulos –que constitúen o groso do traballo– ofrécenos unha serie de modelos –de procedemento, o capítulo 4; e de regulamentos, o capítulo 5– redactados tendo en conta tódalas premisas anteriores, e cunha clara vontade de fornecer “unha linguaxe xurídica ou, neste caso e con máis precisión, unha linguaxe normativa de mellor calidade”. E abofé que o consegue. Superada xa totalmente a ambigüidade estilística do seu precedente (*Formularios de organización e funcionamento das entidades locais*, 1996), no que, non só dentro do libro, senón mesmo dentro dun mesmo modelo documental, se contradición permanentemente as propostas estilísticas –especialmente na utilización de maiúsculas e minúsculas–, estamos agora diante dunha obra moito máis rigorosa e perfectamente coherente nas súas propostas ó longo de todo o texto.

Quizais as únicas chatas que habería que

aporlle a este magnífico traballo sexan dúas: primeiro, que dentro de todo o amplo repertorio de regulamentos que nos ofrece non haxa precisamente ningún modelo de regulamento de uso do galego para o ámbito municipal; e segundo, que non fosen eliminados unha serie de vocábulos incorrectos e sancionados polos dicionarios normativos: \*apartado, \*vao, \*aparcamento, \*medio ambiente, concelleiro\*-delegado..., ou dunha serie de construcións que veñen sendo rexeitadas xa dende hai tempo polo bibliografía especializada: Gallaecia, \*a 15 de outubro, \*porán en coñecemento... De calquera xeito, son estas unhas minucias que en ningún momento afectan á magnitude e interese deste traballo, que constitúe, sen dúbida ningunha, un exemplo perfecto de como se debe redactar normativamente en galego, poñendo como soleira, como di o autor, “a preocupación polo uso dun idioma galego digno e de calidade”. Parabén pola obra ó autor e ós seus colaboradores, e asemade moitas gracias por fornecernos ferramentas de traballo tan eficaces e rigorosas como esta, imprescindibles para ir, paseniño, creando e establecendo unha linguaxe administrativa galega moderna, que supere a atrofia e o anquilosamento que secularmente padeceu e participe, con personalidade propia, das máis recentes experiencias de modernización e renovación das linguaxes administrativas que se están producindo nos países máis adiantados. De novo, moitas gracias.

## Boletín de sumarios do APNL



O Arquivo de Planificación e Normalización Lingüística (APNL) con este *Boletín de Sumarios* quere dar a coñecer e achega-lo seu

fondo de publicacións periódicas, proporcionando un baleirado dos índices de cada boletín e revista, xunto cos datos bibliográficos que permiten localizar os artigos dentro de cadansúa publicación, facilitando e simplificando as consultas sobre estes materiais documentais.

Neste primeiro número seleccionáronse os dous últimos números de cada publicación, para proporcionar unha información o máis recente e próxima posible. Os anteriores sumarios, que o APNL ten compilado dende que iniciou o seu fondo de publicacións periódicas, podense consultar na sede do Consello da Cultura Galega.

A outra característica do primeiro *Boletín de Sumarios* do APNL, é que inclúe tanto publicacións pechadas como abertas, amais daquelas das que só posúe números monográficos ou artigos relativos ás linguas minorizadas.

Este fondo diverso ó tempo que específico, recolle revistas e boletíns de SNL/SL e ENL, de asociacións, doutros centros de documentación e das administracións locais, autonómicas e estatais, de dentro e fóra de Galicia, o que

## Historia social da lingua galega



Autor: Henrique Monteagudo  
Editorial Galaxia, S.A., 1999. Vigo

O libro é un estudo que pretende reconstruí-lo proceso de interrelación entre a lingua e a sociedade en Galicia a través do tempo. Fundamentado nun sólido marco conceptual e metodolóxico que cuestiona tópicos e doutrinarismos, este libro constitúe unha achega novidosa e enriquecedora ó noso pasado desde a óptica da sociolingüística.

O libro está dividido en nove grandes bloques. Comeza nas orixes da lingua, a latinización, e remata no período de entreguerras coa modernización do idioma galego.

O autor deixa fóra o período da Guerra Civil e da ditadura franquista, na que se atopan moitas das claves para entender a situación actual do idioma, por estaren presentes nun Manual de Sociolingüística Galega que o autor está a preparar.

Desde a CTNL saudamos manuais coma o presente, que non soamente está dirixido ó público universitario, senón a tódolos profesionais da lingua, ós historiadores e a un amplo público de lectores interesados.

## B R E V E S

A Universidade de Vigo está a organizar para os días 17 e 18 de decembro, coa colaboración da Mesa pola Normalización Lingüística, un **simposio sobre as linguas sen estado**. Esta simposio, que pretende ter periodicidade anual, fará un achegamento nesta primeira edición ao futuro das linguas sen estado en Europa e ao papel das institucións europeas e internacionais na súa promoción. Ademais, farase un repaso da situación actual en distintos ámbitos dalgunhas das linguas sen estado de Europa, visión que se irá completando en futuras edicións. Como actividade paralela, haberá unha exposición de materiais bibliográficos das distintas linguas e unha

sesión sobre o aproveitamento da rede no traballo de promoción das linguas. Ademais, entregaráselles aos asistentes un completo informe sobre lexislación e contactos das distintas linguas.

Para máis información podedes dirixirvos á Mesa pola Normalización Lingüística (tfno. 981 56 38 85 / e-mail: amesanl@interbook.net).

O **Servizo Lingüístico Comarcal do Salnés**, organiza os días 5 e 6 de novembro as I Xornadas sobre Ramón Cabanillas, nas que se analizarán vida e obra do

poeta cambadés. As xornadas terán lugar no Centro Comarcal do Salnés - Exposalnés. Máis información no tlf: 986-526013 E-mail: exposalnes@xtunta.es.

O **Servizo de Normalización Lingüística do Concello do Carballeño**, xunto co Concello de Boborás organizou os días 8, 9 e 10 de outubro as I Xornadas sobre Antón Losada Diéguez e a Xeración “Nós”, coa colaboración da Deputación de Ourense e a Universidade de Vigo. As xornadas aforaron na obra do eminente galeguista e na súa faceta de guieiro da Xeración “Nós”. Máis información tlf: 988-530007.

## Xornadas sobre lingua e literatura do SNL da Deputación de Pontevedra


O Servizo de Normalización Lingüística da Deputación de Pontevedra, está a elaborar o programa do que van ser as segundas xornadas sobre lingua e literatura os días 1, 2 e 3 de decembro no Salón de Plenos do Pazo Provincial en sesións de 19,30 a 21,30 h. Nestas xornadas trataranse temas como:

- Experiencias co galego fóra de España
- Perspectiva informática na literatura
- A publicidade en galego, estado actual
- A experiencia dun Consorcio ou rede estable de servizos
- Os premios literarios

Máis información, no Teléfono e fax: 986-844363



## III Encuentros para a Normalización Lingüística



O APNL convoca a terceira edición dos Encuentros para a Normalización Lingüística, coa intención de dar permanencia a esta cita anual en que profesionais dos SL/SNL poden contrastar experiencias, analizar propostas e adquirir formación. Na programación deste ano reflíctense estes obxectivos xerais arredor de tres bloques

temáticos: a introducción de criterios de avaliación externa no traballo lingüístico, a aplicación das novas tecnoloxías e as políticas lingüísticas na administración local.

Sen dúbida, o tema da avaliación preséntase como a novidade a resaltar, pois preténdese abrir un debate sobre a adecuación das planificacións desenvolvidas na actualidade nos diferentes servicios lingüísticos e de normalización artellados no país. A través da valoración das experiencias desenvolvidas no Servicio Comarcal de Bergantiños e na Confederación de Empresarios de Galicia, preténdese expor o contraste de perspectivas adoptadas polos propios responsables dos servicios e avaliadores externos, subliñando os múltiples factores –internos e externos– que deben valorarse no deseño dun programa de planificación lingüística.

Estes encontros, que se celebran o 28 e 29 de outubro no Consello da Cultura Galega, contan coa colaboración da CTNL.

## Comisión para a Coordinación de-Servicios Lingüísticos

A Comisión de Lingua do Consello da Cultura Galega vén de aprobar a creación dunha comisión técnica de normalización lingüística de administración local. A partir das conclusións tiradas nos II Encuentros para a Normalización Lingüística, que incidiron na necesidade de afondar no estudo da situación actual dos servicios lingüísticos para comezar a perfilar alternativas conducentes á coordinación e extensión territorial destes servicios, constitúese esta comisión integrada por:

Henrique Monteagudo Romero  
Xesús Costas Abreu  
Benxamín Dosil López  
Juan Díaz Villoslada  
Evaristo García Canosa  
Adolfo Gacio Vázquez  
Manuel Braña  
Valentín García Gómez  
Xaquín Monteagudo Romero  
Xan Comesaña Pedreira

## Servicio de normalización lingüística do Concello de Vigo

Semella que se aveciñan novos tempos e bos, aínda que tamén moi atarefados para o SNL:

E comezamos falando do propio SNL. Sabedes que ata o momento é un servicio unipersonal; pois parece que os tempos da “superwoman” ou do “superman” (auxiliar administrativa/o, técnica/o, xefa/e...) están a rematar, ó se te-la firme “promesa-realidade” de ampla-lo servicio.

E seguimos con este. É a nosa idea prolonga-lo SNL; prolongación que tomaría dúas direccións:

- Cara a fóra: Comisión Cidadá de Normalización Lingüística.
- Cara a dentro: Comisión Interdepartamental de Normalización Lingüística.

A Comisión Cidadá de Normalización Lingüística da que xa témo-lo seu regulamento e que ha ser aprobada no pleno de novembro, quere ser foro de propostas, seguimento e avaliación de actividades encamiñadas á normalización lingüística de e en Vigo. Nela estarán representadas institucións, administracións, entidades, asociacións... que están ou han estar implicadas no proceso de recuperación e dinamización do galego. Traballará en dúas comisións: unha encargada de promover actuacións dirixidas ó *corpus* (terminoloxía, toponimia, cursos...) e outra ó *status* (campañas...).

Proxectos hai xa enriba da mesa para a primeira xunta:

**Achegamento do SNL ás asociacións veciñais**, cun programa xa esbozado (información sobre cursos –xerais e específicos–, modelos de documentos...) e que se lles presentarían nunha reunión de traballo.

**Programa de normalización lingüística** para comerciantes, empresas... Nun folleto explicaráselle-las medidas, subvencións... que hai para galeguiza-las empresas e ofreceráselles un programa cos pasos, obxectivos e medios para o acadar. Neste sentido xa temos un proxecto con moitas posibilidades: o nacemento da área comercial da Praza Elíptica en galego.

Amais elaborará, porá en marcha e avaliará un *Plan de normalización lingüística* cuatrienal.

A *Comisión Interdepartamental de Normalización Lingüística* foi creada no ano 95 e tivo unha vida efémera polas circunstancias nas que comezou a súa andaina. Retomámola con novos pulos e caras novas. Está integrada por funcionarias/os dos distintos departamentos e organismos autónomos e ten como obxecto a normalización desta administración amais de velar polo cumprimento da Ordenanza municipal de normalización lingüística e a organización de actividades (cursos, xornadas...) para fomenta-la implicación do funcionariado no proceso de normalización.

Función dela é a elaboración, posta en marcha e seguimento dun *Programa anual de normalización lingüística*.

Fóra destas iniciativas, o SNL ten xa programadas outras actuacións:

Reedición (ampliada) do *Léxico de urbanismo, construción e arquitectura*. Serán editados outros 2.000 exemplares e a novidade é que tamén participarán os Colexios de Avogados e Delineantes, amais do propio Concello e o Colexio de Arquitectos.

Retomámo-los contactos co R.C. Celta para unha aposta real desta entidade polo galego, e mesmo a súa achega como participación activa en campañas de dinamización lingüística.

# Campaña *En Galicia, falamos galego*

Presentamos a seguir un breve resumo dos obxectivos e do desenvolvemento da campaña de promoción da lingua galega que están realizando en colaboración o Concello de Santiago e a Mesa pola Normalización Lingüística.

### Obxectivos:

- Transmitir a idea de que Compostela é a capital dun país con identidade propia, cunha lingua e unha cultura diferenciadas, valorando esta pluralidade como unha riqueza e mesmo un atractivo para os visitantes.
- Espertar nas persoas que visitan a cidade o interese por conseguir máis información sobre a cultura e a lingua galegas e intentar que actúen como elementos multiplicadores na difusión desta información.
- Presentar aos cidadáns es cidadás de Compostela a lingua como un elemento máis do noso patrimonio, do que sentirnos orgullosos e ao que outorgar o valor que merece.

### Destinatarios:

- Persoas que visitan Compostela por distintas razóns: turísticas, culturais, relixiosas...
- Sectores que manteñen un contacto especial cos visitantes: hostelería, oficinas de información...
- Poboación compostelá.

### Desenvolvemento:

A Mesa pola Normalización presentou un proxecto inicial que foi valorado e aprobado polo Concello. O acordo de colaboración plasmouse nun

convenio no que se repartían as responsabilidades sobre as actuacións, se previa unha avaliación conxunta e a posibilidade de ampliar a incidencia da campaña a través da colaboración con outras entidades.


### Materiais:

- 40.000 folletos para visitantes que se situaron en hoteis
- 500 expositores para dar vistósidade aos folletos
- 10.000 estoxos de 6 postais con imaxes da cidade e vocabularios sobre o tempo, a cidade, os números, etc., que se entregan nas oficinas de información aos visitantes que os soliciten
- 30.000 folletos para repartir entre os habitantes de Compostela.
- 100.000 salvamanteis con un vocabulario e un texto que se colocou nos restaurantes.

Todos os materiais inclúen textos nos que se resume brevemente a situación da lingua e a súa importancia histórica, resaltándoa como valor engadido para os visitantes. Engádense, como curiosidade, mostras de cómo é o galego a través de pequenos vocabularios, expresións habituais no contexto, etc.

Todo este material foi entregado persoalmente nos establecementos, solicitando a colaboración do persoal na súa distribución e tamén no labor de difundir a información que conteñen.

O orzamento total da campaña é de 3.720.000



## Curso de iniciación á terminoloxía

Como xa informáramos no boletín anterior vaíse realizar –a pedimento da CTNL– o primeiro curso de terminoloxía en colaboración co TERMIGAL (Centro de Terminoloxía Científico-técnica de Galicia).

DURACIÓN DO CURSO: 21 horas.

HORARIOS: Tódalas sesións terán lugar de 17 a 20 horas.

LUGAR: Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades (A Barcia, estrada Santiago-Noia, km 3. Santiago).

NÚMERO MÁXIMO DE PRAZAS: 50

PRAZO DE INSCRICIÓN: Ata o mércores 3 de novembro de 1999.

INSCRICIÓN: Envía-lo boletín de inscrición a TERMIGAL (Centro R. Piñeiro para a investigación en Humanidades), estrada Santiago-Noia km 3, Santiago).

TAXAS DE INSCRICIÓN: 2000 pta (que deberán ser ingresadas, despois de recibirla confirmación de admisión, na conta do Banco Central Hispano núm. 0049-2584-90-1210907390, facendo constar “curso de terminoloxía” e o nome do remitente)

CRITERIOS DE ADMISIÓN: Estricta orde de recepción do boletín de inscrición

### PROGRAMA

18-11-99: Da lexicografía incipiente á terminoloxía especializada. Un percorrido histórico.  
Prof.: Antón Santamarina e Manuel González González

19-11-99: Fontes de documentación para o traballo terminolóxico  
Prof.: Xusto Rodríguez Río.

Métodos de traballo terminolóxico  
Prof.: Iolanda Galanes

24-11-99: A unidade terminolóxica. A denominación, a noción, a definición terminolóxica  
Prof.: María Navas i Jara (Termicat)

25-11-99: Aplicacións do traballo terminolóxico  
Prof.: María Navas i Jara (Termicat)

1-12-99: Ferramentas informáticas ó servizo do traballo terminolóxico  
Prof.: Margarita González, Valentina Formoso Gosende, Carlos Búa Carballo, Ruth Vázquez González, Belén Souto García (Termigal).

2-12-99: As fichas terminolóxicas  
Prof.: Margarita González, Valentina Formoso Gosende, Carlos Búa Carballo, Ruth Vázquez González, Belén Souto García (Termigal).

10-12-99: Os servizos de normalización lingüística e o traballo terminolóxico.  
Mesa redonda coa participación de traballadores de SNL  
CLAUSURA.

## Curso de animación sociocultural e lingua: parámetros para a intervención



O pasado 8 de maio tivo lugar o curso organizado pola CTNL “Animación sociocultural e lingua: parámetros para a intervención” na biblioteca do centro sociocultural Aurelio Aguirre. O profesor Héctor M. Pose -profesor da universidade da Coruña e animador sociocultural do Concello de Malpica- desenvolveu o devandito programa formativo. Fixo en primeiro lugar unha **aproximación conceptual ó que é a animación sociocultural** falando dos antecedentes situados na Francia dos anos 60, dos destinatarios en función da idade, do sexo, dos diferentes sectores sociais...e de tódolos conceptos afíns cos que está relacionado. Logo traballamos no **deseño concreto de proxectos de**

**animación sociolingüística** e das súas bases procedimentais; así vimos como antes da intervención debemos analiza-la realidade, barallar diferentes propostas metodolóxicas, estudia-las alternativas e facer unha boa planificación con tódolos obxectivos e controlando tódolos posibles perigos. Habería tamén que ter en conta os recursos dos que se dispón tanto humanos como materiais e económicos e por último non nos esquecer da avaliación e valoración das actividades. Por último, nunha sesión práctica estivemos vendo iniciativas concretas desenvolvidas en distintas instancias ó respecto da promoción da lingua galega: a arte, etnografía e historia local e o teatro lido.

## Métodos de negociación e mediación social

É cada vez máis recoñecido o carácter complexo e interconectado das nosas sociedades conformando o que coñecemos como “sociedade civil”.

Así, diversos axentes sociais conflúen e interaccionan nunha dinámica de negociación e comunicación nos distintos ámbitos que conforman o noso contorno social. Polo tanto, a intervención social, sexa do tipo que sexa, ten que ter a capacidade de pór en contacto aos distintos axentes que constrúen a realidade na que se pretende intervir. Os/as traballadores/as do campo da normalización lingüística interveñen como mediadores, actores que se achegan á sociedade, moitas veces a través de intermediarios que manteñen un contacto diario coa cidadanía.

É fundamental, neste senso, que os responsables dos diversos programas de intervención na área da normalización lingüística adquiran os coñecementos e habilidades necesarias que lles permitan achegarse de maneira máis eficaz aos distintos axentes aos que vai encamiñada a súa intervención; así como comprender as lóxicas internas de funcionamento dos grupos sociais.

Este é o obxectivo do curso proposto e do que se presenta o programa básico.

### PROGRAMA (20 h.)

I A SOCIEDADE COMO UN PROCESO DE CONSTRUCCIÓN: REDES SOCIAIS E NEGOCIACIÓN.

- Papel do normalizador lingüístico como axente relacional; a dinamización de redes sociais.
- Ámbitos de mediación social e as súas implicacións para os normalizadores lingüísticos.
- Mediación e negociación dentro dunha estratexia xeral de intervención social.

### II METODOLOXÍA PARA A NEGOCIACIÓN E A MEDIACIÓN SOCIAL

- A análise do ámbito de intervención.
- Concentración de problemáticas e definición de obxectivos estratéxicos.
- Definición de interlocutores.
- Creación de espazos de aproximación e negociación.
- A funcionalidade da negociación: cándo, cómo, con quén.

### III O PROCESO DA NEGOCIACIÓN

- Tipos e clases de negociación.
- Estratexias e técnicas de negociación.
- Desenvolvemento das negociacións: fases e continxencias.
- Avaliación de resultados.

### METODOLOXÍA DO CURSO

As exposicións teóricas pertinentes irán acompañadas, ao longo de todo o curso, dun traballo práctico e participativo, a través da análise de casos prácticos e o desenvolvemento de xogos de rol.

### DATAS E HORARIOS

Venres, 28 de xaneiro de 17 a 21 h.

Sábado, 29 de xaneiro de 10 a 14 e de 16 a 20 h.

Sábado, 5 de febreiro de 10 a 14 e de 16 a 20 h.

**LUGAR:** Por determinar. Comunicaráselles ás persoas matriculadas.

**NÚMERO DE PRAZAS:** 40

**PRAZO DE INSCRICIÓN:** Ata o 1 de xaneiro

### MATRÍCULA:

10.000 pesetas

6.000 pesetas os socios, estudantes e parados (acreditados)

### INSCRICIÓN:

Enviar o boletín de inscrición debidamente cuberto xunto co xustificante de ter ingresado a matrícula na conta de Caixa Galicia número 2091-0377-74-3040004060 (cómpre indicar no ingreso “curso de negociación”) e o comprobante da condición de parado ou

estudiante a:

CTNL, apartado 771. Santiago de Compostela.

### INFORMACIÓN:

No Departamento de Lingua do Concello de Santiago de Compostela (981 54 23 09) ou no Servicio de Normalización Lingüística do Concello da Estrada (986 57 01 65).

### COLABORA NO DESENVOLVEMENTO DO CURSO

Queremos adaptar o máis posible o deseño do curso ás necesidades e expectativas dos asistentes, por iso che pedimos que envíes as túas preguntas ou propostas sobre exemplos e situacións que che gustaría que se tratasen. Poderías contestar preguntas coma estas: ¿por que cres que pode ser útil un curso sobre negociación? ¿en que casos cresque se bota en falta formación sobre esta materia?...

Se desexas facer o curso máis participativo, xa desde agora e antes do 1 de xaneiro, envía as

## Curso de técnicas de negociación

### Folla de inscrición

NOME ..... APELLIDOS .....  
DNI ..... ENDEREZO .....  
C.P. .... POBOACIÓN .....  
TELÉFONO ..... E-MAIL .....

¿Traballas ou traballaches nalgún servizo lingüístico?  SÍ  NON ¿En cal? .....  
¿Asistiches a algún curso organizado pola CTNL?  SÍ  NON ¿A cal/cales? .....